

ACTA DA ASAMBLEA XERAL

En Santiago de Compostela (Colexio Maior de Fonseca) e tamén de forma telemática, sendo ás 10:00 horas do **domingo 11 de xuño de 2023**, réunese a Asamblea Xeral da FEGADO en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecido e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 14 dos seus 35 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (7 de 23):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves)		x
CDM Xesteiras (Pontevedra)		x
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	x	
A.D.C. Arnela (Porto do Son)		x
Gallaecia Raid (A Coruña) > Carlos Salvador Rodríguez	x	
S.M. Ártabros (A Coruña) > María Piñeiro Varela	x	
Fluvial de Lugo (Lugo)		x
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		x
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		x
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Adrián Moreira	x	
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	x	
VigoOrienta (Vigo)		x
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		x
Brigantia Aventura (A Coruña) > Rubén Barros	x	
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		x
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		x
Club O Pasatempo (Betanzos) > David Casado	x	
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		x

Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		x
Club Sociedade Excursionista Científica de Órdenes (Ordes)		x
Club USC (Santiago de Compostela)		x
Club Vichelas (Guitiriz)		x
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		x

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (3 de 8):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		x
Maikel Rodríguez Domínguez	x	
Borja Varela Paz	x	
Laura Garrido Martínez		x
Enrique Luis Álvarez Estévez	x	
Yolanda García González		x
David Lareo Martínez		x
Victoria López Permuy		x

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	x	
Teresa Bellón Santos	x	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	x	
Candela Puime López		x

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Roberto Amarelle Garabán (secretario), Javier Antoñón Clemente (tesoureiro), Claudia Oreiro Chapela (vicepresidenta) e Javier Alvelo (anterior presidente da Fegado).

1º.- Aprobación, se procede, das Acta do 17 de decembro de 2022.

Toma a palabra a presidenta da FEGADO para dar a benvida aos asistentes procedéndose a continuación á votación da acta anterior.

Procédese a votación da acta do 17 de decembro de 2022, resultando aprobada con 14 votos a favor e 1 abstención (Victoria López), sen ningún tipo de obxección nen enmenda.

2º.- Informe da Presidencia.

Toma a palabra a Presidenta da Fegado para indicar que a día da celebración desta assemblea existen 629 licenzas. Engade que se deron de baixa 4 clubs (Senda Norte, Obxectivo Trail, Ro-Baliza e ADTL-Trail). Así mesmo, existe un club de nova creación (Raza Palleira).

3º.- Auditoría FEGADO.

Intervén a Presidenta para indicar que FEGADO recibiu unha notificación para ser sometida a unha auditoría que xa debería terse realizado no ano 2022 pero por diferentes circunstancias demorouse ata este ano. Porén, engade que aínda non existe unha data concreta na que se vai realizar.

4º.- Aprobación das contas anuais 2022.

Toma a palabra Javier Antoñón, tesoureiro da FEGADO, para explicar e describir o informe das contas do ano 2022, establecendo un cadro comparativo entre o ano 2021 e o ano 2022, e procedendo a describir cada un dos apartados que compoñen estas contas. Finaliza a súa explicación que o obxectivo destas contas é continuar na mesma liña que xa o viña facendo a anterior Xunta Directiva.

Procédese á votación resultando aprobada por unanimidade dos presentes con 15 votos a favor.

5º.- Aprobación da memoria anual de actividades 2022.

Toma a palabra Javier Alvelo, como Presidente anterior da Xunta Directiva para explicar o informe das actividades do ano 2022. Engade que esta memoria anual está dividida en 6 programas diferentes tal e como establece a Secretaría Xeral de Deporte, describindo cada un destes programas.

Procédese á votación resultando aprobada por unanimidade dos presentes con 14 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez).

6º.- Proposta calendario FEGADO 2024.

Intervén a Presidenta para indicar que a mesa de traballo para establecer o calendario das probas deportivas para o ano 2024 está sendo coordinada por Francisco Varela e Javier Alvelo. A continuación toma a palabra Francisco Varela para indicar que algúns clubs xa comezaron a solicitar algunhas das probas. Como novidade para o vindeiro ano vai existir un campionato de ultrascore.

Engade que no mes de xaneiro non se farán probas e que o sábado 23 de febreiro celebrarase unha proba nacional organizada pola FEGADO no concello de Arzúa, polo que se solicita a colaboración voluntaria por parte dos diferentes clubs. Engade tamén que anime aos diferentes clubs a que organicen probas.

Toma a palabra Vicente Ramos para trasladar a visión dun dos deportistas (Armada) para indicar que o número de probas realizadas pola tarde teñen menor participación que as desenvolvidas nas xornadas de mañá, polo que debería analizarse esa situación. Responde Francisco Varela indicando que esa decisión depende da propia xestión dos clubs organizadores.

Intervén Javier Antoñón para indicar que dende a FEGADO sería necesario a estruturación das datas e o lugar das probas e que para iso sería necesario establecer contacto cos diferentes concellos. Engade que a medio e longo prazo sería tamén necesario ter unha comisión de cartografía para ter novos mapas e falar cos concellos para a financiación desa cartografía reducindo deste xeito a carga sobre os clubs organizadores. Así moitos clubs poderían animarse a organizar probas novas. En canto á celebración das probas indica que si é conveniente que as probas se celebren pola mañá e pola tarde xa que deste xeito se aproveita mellor a xornada.

Intervén Enrique Álvarez para indicar que na medida do posible as probas que se programen non coincidan cos campionatos de España.

Intervén David Casado para propor que sexa a FEGADO a que apoie a xestión das autorizacións cos concellos para facilitar a organización das probas, especialmente se algún club quere organizar probas nacionais.

Toma a palabra Pablo Aller para preguntar se existe a posibilidade de que na páxina web da federación exista un borrador do calendario das posibles probas que se pretenden realizar durante o ano 2024. Responde a Presidenta que Adrián Pérez de forma altruísta se ofreceu para modernizar a páxina web, a actualización do ranking e tamén o propio calendario do ano 2024.

Intervén Claudia Oreiro para propor que se renove a páxina web da Federación pois resulta moi complicado buscar información desexada na mesma.

Intervén Teresa Bellón que é responsabilidade dos diferentes clubs controlar a publicación de información na páxina pois moitos clubs publican en novas moitas noticias provocando unha saturación de información da mesma.

Toma a palabra Ángel Serto para indicar que se debe seguir a liña da FEDO onde esta última propón as datas e os clubs intentan adaptarse a estas. Deste xeito evítase a saturación do calendario para que a xente tamén poida competir en probas nacionais.

Intervén David Casado para indicar que dende a FEGADO se solicite á FEDO que reduza o número de probas de selección e que exista a opción de que a FEDO centralice e asuma o custo económico do traslado dos/as nenos/as para poder transportalos ata comunidades distantes onde se celebren esas probas de selección.

7º.- Execución proposto 2023 (xaneiro-maio).

Toma a palabra Javier Antoñón para explicar a execución do presuposto 2023 entre os meses de xaneiro e maio. Indica que se toma como referencia o orzamento aprobado en decembro de 2022 introducindo as modificacións que se foron producindo nos seis meses iniciais do 2023. Engade que a 31 de maio foi necesario empregar os fondos AGACO debido á existencia dunha serie de gastos que non aparecían contemplados nese orzamento inicial. Porén parte desa cantidade recuperárase debido aos ingresos obtidos pola venda de camisetas e ás subvencións para os Proxectos de Especial Relevancia (PER).

Finaliza a súa explicación indicando que as principais variacións respecto ao orzamento inicial foron:

- CESA: de 9.000,00€ a 12.933,36 €
- Campionatos de España: de 6.264,00 € a 8.156,83 €
- Equipacións: de 1.358,83 € (vendidas a 2.000 € suporían 641,17 € beneficio)

Procédese á votación resultando aprobada a modificación da execución do presuposto por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez e Borja Varela).

8º.- Proposta uso diñeiro AGACO.

Intervén Javier Alvelo para indicar que na última auditoría quedou reflectido que non podían existir eses fondos o cal no seu momento foi considerada unha falta leve por parte do organismo auditor. Nese momento dito organismo indicou que debería procederse a gastar eses fondos económicos. Porén, engade que ese diñeiro constitúe un mecanismo de financiación para todas aquelas actividades que se celebren no primeiro semestre do ano. Indica que será necesario ir gastando progresivamente en subencións para equipamento deixando sempre unha pequena cantidade do mesmo.

Toma a palabra Ángel Serto para indicar que concorda con Javier Alvelo, é dicir, que é necesario gastalo pero deixando sempre un pequeno remanente.

Procédese á votación da proposta de autorización da Asamblea á Xunta Directiva para a utilización dos fondos Agaco en casos de urxencia informando debidamente aos membros da Asamblea. Aprobada esta autorización con 12 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez e Borja Varela) e 1 abstención (Pablo Aller).

9º.- Dorsal único FEDO.

Intervén a Presidenta para indicar que a FEDO aprobou facer un dorsal único e que á Xunta Directiva da FEGADO parécelle unha boa idea, porén faltan moitos aspectos por definir aínda.

Toma a palabra David Casado que mentras non se definan estes aspectos sería recomendable que continuasemos co mesmo dorsal desta tempada para deste xeito non ter que facer dorsais novos.

Puntualiza a Presidenta que non sería posible xa que os dorsais actuais teñen impreso o ano da liga.

Respóndelle David Casado que eso é insignificativo e que se poden ir modificando e suprimindo ese dato a medida que se vaian reemplazando ou facendo outros novos.

Toma a palabra Ángel Serto, como delegado na FEDO, para explicar que ese dorsal único da FEDO comezará a partir do número 1001 e que comezarán a enumerarse por orde alfabética de clubs e de apelidos de corredores.

Intervén Javier Antoñón para indicar que a FEGADO debería esperar a que se implante este dorsal único na FEDO e logo a FEGADO incorporar a mesma medida.

10º.- Rogos e preguntas.

Intervén María Piñeiro para recordar en nome do club Ártabros que a FEGADO dispón de material de préstamo. Por outro lado, engade que en nome do club Budiño Raid se teña en conta a necesidade de facilitar a conciliación familiar e laboral á hora de realizar a inscrición nas probas, necesidade que deberá ser contrastada polos diferentes clubs. Engade tamén, en nome do club Budiño Raid, que cando un corredor ou corredora presente unha reclamación ante un/unha xuíz/a controlador/a, este/a debería facer referencia ao artigo ao que se refire e que supostamente está sendo incumplido para deste deito favorecer o traballo do/a xuíz/a e ao mesmo tempo obrigar a ese/a corredor/a a coñecer a normativa que reclama.

Intervén a Presidenta para rogar que os clubs durante as celebracións das probas empregen o material propio da FEGADO por exemplo, os reloxos oficiais en lugar das tablets que se veñen empregando ultimamente.

Engade a Presidenta que a FEDO propúxolle á FEGADO facer o curso de xuíz controlador (os días 18 e 19 de novembro en Santiago) de MTBO e Raid dentro do programa Muller e Deporte e cuxa inscrición sería gratuítu para as mulleres.

Toma a palabra Francisco Varela para propor que a FEGADO merque arcos de saída e chegada inchables para facer máis visibles as diferentes probas ao cal responde Javier Alvelo indicando que se pode mercar a través da subención de equipamentos que dá á Xunta.

Intervén Pablo Aller para solicitar que a inscrición das probas galegas se realice a través do sistema SICO da FEDO unicamente. Respóndelle Ángel Serto indicando que é mellor esperar xa que SICO vai sufrir modificacións.

Toma a palabra Teresa Bellón para indicar que se produciron cambios no calendario oficial que non se notificaron debidamente. En base a este aspecto, intervén Ángel Serto lembrando que para cambiar eventos oficiais aprobados anteriormente é necesario que sexan aprobados pola Asamblea.

Intervén a Presidenta para indicar que no seu momento a Asamblea concedeu autorización á Xunta Directiva da FEGADO para poder cambiar as probas de ubicación e data sempre e cando fose por circunstancias debidamente acreditadas e xustificadas.

Toma de novo a palabra Ángel Serto para indicar que aínda que a Xunta Directiva teña a autorización para proceder a realizar eses cambios, esta deberá informar dos cambios que se produzan aos diferentes membros da Asamblea mediante un correo electrónico.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da Presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 12:55 horas do mesmo día 11 de xuño de 2023.

O secretario da Federación
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta
Sonia Gómez Naya